os bolechas ®™

PEPE CARREIRO

A PILI TRABOUNA UN CAN

A Pili trabouna un can que pelexaba con Chispa. O avó Marcelo bota o can, amarra a Chispa e chama ao 061.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Urxencias Sanitarias 061

ambuiberica · emergalia · larosaleda FUNDACIÓN

bolanda

os bolechas ®™

PEPE CARREIRO

guias

A PILI TRABOUNA UN CAN



bolanda ediciones y marketing

Ilustracións e textos: Pepe Carreiro / Estudio Carreiro
ISBN:
Depósito Legal:
Impreso en Galicia

os bolechas Club

Entra na nosa web e faite do club!
Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.
www.osbolechas.gal

Podes informarte de todo o que acontece na familia Bolechas no noso **teléfono** **902 18 20 10**

A casa dos Bolechas



1 Cuarto de mamá e papá Bolechas
2 Cuarto dos Bolechas
3 Balcón interior
4 Cociña
5 Sala de estar
6 Comedor
7 Corredor
8 Cuarto de baño
9 Entrada

os bolechas®™ guías

PEPE CARREIRO

A PILI TRABOUNA UN CAN

bolanda EDICIONES Y MARKETING

As trabadas de animais poden producir lesións importantes e perigosas, porque poden transmitir enfermidades como a rabia ou o tétano. Para evitar trabadas de animais, especialmente as de cans e gatos, non debemos de acercarnos aos que andan soltos, nin molestalos cando están a comer ou a durmir.

Chama ao **061** sempre que precises axuda sanitaria.

Pili vai pasear con Chispa polo parque mentres o avó le o xornal.

–Vou dar unha volta arredor do banco, avoíño.

Ei! Anda un can solto polo parque e Chispa anóxase con el!
–Chispa, deixa o can. Vaise picar contigo.



Pili tiña razón. O can picouse con Chispa e armouse un bo rebumbio. O can enguedellouse cos pelos dela e trabauna sen querer.

Pili foxe onda o avó.
–Avoíño, ese can trabaoume sen querer no brazo.
O avó bota o can de onda eles e amarra a Chispa.

O avó chama ao **061** e contálles o que pasou. O médico do **061** envíalles unha ambulancia.



O médico da ambulancia prémelle a ferida a Pili para que non sangre.
–Tiña unha boa boca o ca que te trabou.
–Era un bulldog –di o avó.

O médico do 061 lávalle a ferida a Pili con auga e xabón e dille ao avó que a leve ao hospital.

O avó leva Pili ao hospital. Tamén vai Chispa no coche.
–Deixoume os dente marcados, avoíño.
–É que era un bulldog moi gordo.



A médica do hospital cóbrelle a ferida a Pili cunha gasa.

–Xa tes a ferida case curada. O can non trabou con moita forza –dille a médica.

–Menos mal, porque era un bulldog como un hipopótamo –retrúcalle Pili.

CONSELLOS

Non debemos de molestar os animais nen acercarnos a eles cando anden soltos.

No debemos de asustar os animais, nin tocarlles cando estean a durmir ou a comer.

NON OS ESQUEZAS

Se nos traba un animal, debemos de lavar ben a ferida con auga e xabón.

Debemos de chamar ao **061** para que nos aconsellen.

os bolechas®™

PEPE CARREIRO

Carlos

Loli

Pili

Braulio

Sonia

Tatá

Chispa

Mamá Bolechas

Papá Bolechas

Avoa materna
Balbina

Avó materno
Marcelo

Avoa paterna
Flora

Avó paterno
Emiliano